

**Acta núm. 10/2023.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 1 de agosto de 2023.**

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:

Carlos Noya Pereira.
María Rosa Romero Fariña.
José Antonio Vidal González.
Non asiste:
Sandy Marie Cebal Gómez.

Na alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 14.00 horas do 1 de agosto de 2023, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o alcalde Pablo Lago Sanmartín, e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 9/2023, DO 04.07.2023.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) LICENZA DE OBRA MENOR.
- 4º) COMUNICACIÓN PREVIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.
- 5º) RENUNCIA A LICENZA DE SEGREGACIÓN.
- 6º) SOLICITUDES DE PRÓRROGA DE LICENZA DE OBRA MAIOR.
- 7º) LICENZAS DE OBRA MAIOR.
- 8º) MODIFICACIÓN DE LICENZA DE OBRA MAIOR.
- 9º) COMUNICACIÓN PREVIA (CAMBIO DE TITULARIDADE).
- 10º) CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA DE OBRA MAIOR.
- 11º) BONIFICACIÓNS DE PREZOS PÚBLICOS.
- 12º) ROGOS E PREGUNTAS.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 9/2023, DO 04.07.2023.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 04.07.2023, acta núm. 09/2023.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por María Dolores Blanco Pouso, que di actuar en representación de LUÍS GUTIÉRREZ MOLINA, na que comunica que vai construír un peche en Vilas 36, Bastavales, coas seguintes características:

- .- Na separación cos lindeiros con 3 filas de bloques de formigón en cor branco, ata unha altura de 1,20 m. e reixa metálica por enriba ata unha altura de 1,80 m., medidos sobre a rasante natural do terreo.
- .- No fronte da parcela, en contacto coa vía pública, con paneis prefabricados de formigón e colocación dunha porta de acceso para vehículos e dunha porta de acceso peonil.

A parcela (referencia catastral 6924801NH2462S0001MP) emprázase dentro dun ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- O peche da parcela deberá axustarse ao plano de emprazamento do proxecto de execución asinado pola arquitecta María Dolores Blanco Pouso, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 29.04.2021 (expte núm. 2102382) e aprobado en Xunta de Goberno Local do 25.05.2021.

.- O peche de paneis de formigón do frontal da parcela terá unha altura máxima de 1,20 metros, medidos sobre a rasante natural do terreo.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 439,97 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 504,54 euros

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por IGNACIO MÚGICA FANJUL, na que comunica que vai construír un peche en Lamiño 67, Brión, coas seguintes características:

.- Na parte alta da parcela con malla de simple torsión galvanizada de 1,50 m. de altura, mediante execución de anclaxes puntuais en terreo natural.

.- Na parte baixa de parcela (terraplén) a base de postes de madeira aserrada maciza tratados en autoclave, cunha altura de 1,00 m., anclados mediante zapata de formigón armado.

A parcela (referencia catastral 6663709NH2466S0000LI e 6663710NH2466S0000QI) emprázase dentro dun ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº2 do PXOM (UC-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

.- A distancia do peche ao eixe do vial deberá axustarse ao plano de emprazamento asinado con data 6 de setembro de 2021 e aprobado en Xunta de Goberno Local do 05.10.2021.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 42,85 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 107,42 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Germán Barja Seijas, que di actuar en representación de SOFÍA LÓPEZ YÁÑEZ, na que comunica que vai construír un peche no Outeiro, Os Ánxeles, coas seguintes características:

.- Polo lindeiro leste da parcela o peche vaise executar con arameira e cunha altura de 1,80 m.

.- Polo fronte do camiño o peche vaise executar con base de fábrica e coroadado con postes metálicos ata unha altura total de 1,80 m.

.- No peche dianteiro vaise instalar unha porta peonil e outra de acceso para vehículos.

A parcela (referencia catastral 8042709NH2484S0000KT) emprázase dentro dun ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-1) e atópase dentro da zona de afección dun regato.

A Xunta de Goberno Local, á vista da comunicación de declaración responsable de Augas de Galicia, de data 15.06.2023 (expediente DH.W15.93481) e do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

.- A altura de ambos peches non poderá superar a altura máxima de 1,80 m.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 201,27 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 265,84 euros

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por FLORA GONZÁLEZ MIRAZO, na que comunica que vai reparar a cuberta do galpón anexo á vivenda de Chave de Carballo 4, Bastavales, substituíndo a cobertura actual de fibrocemento por outra nova de fibrocemento e tella, sen incrementar o volume da cuberta nin alterar a súa estrutura.

A parcela (referencia catastral 9117706NH2491N0001OB) emprázase dentro dun ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 60,33 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 124,90 euros

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Juan Sebastián Lareo Sánchez, que di actuar en representación de ANTONIO HERMIDA VÁZQUEZ, na que comunica que vai construír un peche de parcela en Piñeiro 42, Os Ánxeles, coas seguintes características:

.- O peche polo lindeiro lateral vaise construír con postes e arameira, cunha altura de 1,80 metros, e un zócalo de bloque de formigón revestido ata unha altura de 40 cms.

.- O peche que da fronte ao camiño, afastarase a 4,00 metros do eixo, e construírse con base de fábrica e revestido en chapa de pedra cunha altura de 1,20 metros, coroado con perfís de aluminio, ata unha altura total de 1,80 metros e intercalado con pilares de pedra de 1,80 metros de altura.

.- No peche dianteiro vaise instalar unha porta peonil e outra de acceso para vehículos, mantendo a altura de 1,80 metros.

A parcela (referencia catastral 6342804NH2464S0001BZ) emprázase dentro dun ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural en área non consolidada pola edificación da zona leste, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

.- O peche non poderá superar a altura máxima de 1,80 m.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 180,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 244,57 euros

f) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSÉ ANTONIO COUSO CRISMAN, na que comunica que vai pintar de cor branca a fachada principal e o pallal anexo á vivenda do Cabo 7, Os Ánxeles.

A parcela (referencia catastral 7445705NH2474N0001XJ) emprázase dentro dun ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista da declaración responsable presentada polo interesado ante Augas de Galicia o 16.06.2023 e do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 25,20 euros.

Total: 25,20 euros

g) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Pablo García Villar, que di actuar en representación de MARÍA DOLORES SÁNCHEZ SANTOS, na que comunica que vai substituír a carpintería exterior da vivenda da Urbanización Monte Balado 25, 1ºC, Os Ánxeles, por outra de PVC en cor branca.

A edificación emprázase dentro dun ámbito de solo clasificado como solo de núcleo urbano (UC3).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 137,94 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 202,51 euros

h) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MANUEL ALMODÓVAR PICÓN, na que comunica que vai realizar as seguintes obras na vivenda de Sabaxáns 78, Bastavales:

.- Pintado das fachadas en cores grises, previa limpeza e reparación dos seus parámetros.

.- Limpeza dos canalóns.

A parcela (referencia catastral 8013112NH2471S0000OL) emprázase dentro dun ámbito de solo clasificado como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza UC-2.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

.- Deberán de empregarse tonos claros en virtude do establecido ao respecto polo artigo 91 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 73,43 euros.

Total: 73,43 euros

i) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Manuel Almodóvar Picón, que di actuar en representación de DANIEL MÉNDEZ IGLESIAS, na que comunica que vai realizar as seguintes obras na vivenda de Sabaxáns 79, Bastavales:

.- Pintado das fachadas en cor branca, previa limpeza e reparación dos seus parámetros.

.- Limpeza dos canalóns.

A parcela (referencia catastral 8013113NH2471S0000KL) emprázase dentro dun ámbito de solo clasificado como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza UC-2.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 74,33 euros.

Total: 74,33 euros

j) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por LEONARDO CORNES COSTA, na que comunica que vai realizar as seguintes obras en Gundín, Os Ánxeles:

.- Na parcela referencia catastral 5140802NH2454S0001KJ, preténdese construír un peche con fronte ao camiño, de 21 metros lineais, en fábrica de bloque de formigón, ata unha altura de 1,20 metros e coroadado con arameira, ata unha altura de 1,80 metros e afastado a 4 metros do eixo do camiño.

.- Na parcela referencia catastral 15013A042000010000UX, lindeira ca anterior preténdese construír un peche de 66 metros de lonxitude, en fábrica de boque de formigón, ata unha altura de 0,60 metros e coroadado con arameira ata unha altura total de 1,50 metros.

A parcela (referencia catastral 5140802NH2454S0001KJ) emprázase dentro dun ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-2) e a parcela (referencia catastral 15013A042000010000UX) emprázase dentro dun ámbito de solo clasificado como solo rústico de protección agropecuaria.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

.- A fábrica de bloque deberá enfusarse e pintarse nunha cor da gama dos brancos.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 30,80 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 95,37 euros

k) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA DORA GÓMEZ GARCÍA, na que comunica que vai realizar obras de arranxo e mellora do firme da entrada á parcela de Lamiño 13, Brión, botando formigón entre a aresta exterior do camiño asfaltado e ata o portal de acceso á parcela polo vento sur.

A parcela (referencia catastral 6762804NH2466S0001SO) emprázase dentro dun ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza UC2 do PXOM e sitúase na aldea de Lamiño que está integrada no catálogo de bens de interese cultural identificada coa clave: BE-6, e en base ao artigo 44, apartado 2 da Lei 1/2019, de 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe do arquitecto municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición: Non se modificará a rasante actual do espazo de entrada.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 2,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 66,57 euros

l) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Inmaculada Freire Garrido, que di actuar en representación de MANUEL SÁNCHEZ PATRÓN, na que comunica que vai realizar obras de reparación da cuberta do alpendre situado no Rial 5, Os Ánxeles, substituíndo parte da tella existente en mal estado por pranchas de fibrocemento, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da edificación.

A parcela (referencia catastral 15013B505010990000MG) emprázase dentro dun ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

.- Colocarase tella cocida como elemento de cubrición.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 30,86 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 95,43 euros

TERCEIRO.- LICENZA DE OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha instancia asinada por RAMÓN CASTRO MATA, na que comunica que vai executar obras de infraestrutura soterrada para conectarse á rede de saneamento existente no núcleo de Xinzo, pola vía pública, para dar servizo á vivenda de Xinzo 26, Bastavales.

A parcela (referencia catastral 9910627NH3491S0001KJ) emprázase dentro dun ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- As obras estarán supervisadas pola empresa encargada do mantemento (Espina & Delfín), que executará tamén os entronques á rede existente.
- Ao rematar a obra o solicitante achegará un ensaio de estanquidade do saneamento á empresa concesionaria (Espina & Delfín), coa finalidade de que emita informe previo á recepción da obra.
- A concesionaria poderá realizar as probas e inspeccións pola súa conta que estime oportunas.
- As acometidas, desde a peza de toma colocada no ramal correspondente da rede á instalación, farase pola empresa concesionaria do servizo de augas, sendo de conta do aboado o custe correspondente de instalación segundo os prezos aprobados polo Concello.
- Deberá repoñer o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.
- Como garantía deberá depositar un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 567,43 €, que o interesado deberá presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 53,49 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 118,06 euros

CUARTO.- COMUNICACIÓN PREVIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por María Dolores Blanco Pouso, que di actuar en representación de LEONARDO FERNÁNDEZ DEL MORAL, na que comunica a primeira ocupación dunha vivenda unifamiliar situada en Chave de Carballo 37, Bastavales.

Con data 16.03.2021 a Xunta de Goberno Local concedeulle a Leonardo Fernández del Moral e María Teresa Rodríguez Blanco, licenza para construír unha vivenda unifamiliar en Chave de Carballo 37, Bastavales, segundo proxecto de execución redactado pola arquitecta María Dolores Blanco Pouso, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 25.02.2021.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e do certificado final de dirección de obra asinado pola arquitecta María Dolores Blanco Pouso, con data 29.07.2022, visado o 27.12.2022, acorda por unanimidade:

1º) Tomar coñecemento e autorizar a primeira ocupación comunicada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Taxa pola comunicación previa de primeira ocupación: 96,85 euros.

Total: 96,85 euros.

QUINTO.- RENUNCIA A LICENZA DE SEGREGACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por MANUEL PEDRARES BELLO, na que comunica ao Concello a renuncia á licenza de segregación concedida pola Xunta de Goberno Local do 16.08.2011 a Manuel Pedrares Bello, para segregar a parcela 355 do polígono 505, situada en Tourís, Luaña, segundo proxecto redactado polo enxeñeiro técnico agrícola José Ramón Pardal Pardal, visado no Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas da Coruña-Pontevedra o 25/03/2011.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento da renuncia efectuada, deixando sen efecto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local o 16.08.2011.

2º) Notificar o presente acordo ao interesado.

SEXTO.- SOLICITUDES DE PRÓRROGA DE LICENZA DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por SILVIA LÓPEZ BEN, na que solicita prórroga do prazo de remate das obras de construción dunha vivenda unifamiliar no Cabo 24, Os Ánxeles.

A Xunta de Goberno Local en data 21.07.2020, concedeu licenza de obras a Silvia López Ben e Fernando Redondo Neira, para construír unha vivenda unifamiliar no Cabo 24, Os Ánxeles, segundo proxecto básico e de execución asinado pola sociedade de arquitectura López y Noya Arquitectura y Urbanismo S.L.P, visado o 03.04.2020 polo Colexio oficial de arquitectos de Galicia, (n.r.e.: 2001619).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder unha prórroga de 3 anos, contados desde o día seguinte ao da notificación deste acordo, para o remate das obras, coa condición de que a edificación sexa rematada exteriormente.

2º) Notificar este acordo á interesada.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por SEILA LEIRAS FERNÁNDEZ, na que solicita prórroga do prazo de remate das obras de rehabilitación dunha vivenda unifamiliar en Guitiande 15, Os Ánxeles.

A Xunta de Goberno Local en data 03.06.2020, concedeu licenza de obras a Seila Leiras Fernández e Rafael Fernández Rodríguez, para rehabilitar unha vivenda unifamiliar en Guitiande 15, Os Ánxeles, segundo proxecto básico e de execución redactado polo estudio de arquitectura Arrokae arquitectos S.L.P., visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 10.10.2019 e 14.05.2020 (n.r.e.: 1905313).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder unha prórroga de 3 anos, contados desde o día seguinte ao da notificación deste acordo, para o remate das obras, coa condición de que a edificación sexa rematada exteriormente.

2º) Notificar este acordo á interesada.

SÉTIMO.- LICENZAS DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por MÓNICA CORRAL ZAS e ADRIÁN OLIVEIRA RODRÍGUEZ, solicitando licenza para construír unha vivenda unifamiliar e piscina en Guldrís 11, Brión, segundo proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Roberto García Rey, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 12.06.2023 (expte. 2303151).

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 5666208NH2456N0001HB) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural para as áreas non consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista da resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data 13.12.2022 (expediente 2312/22) e dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra axustarase estritamente ao proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Roberto García Rey, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 12.06.2023 (expte. 2303151).
- Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao Concello dos terreos destinados a viais (116 m²), aceptados pola Xunta de Goberno Local de data 26.01.2021, que implica a pavimentación do espazo do fronte da parcela (formigón coloreado en 1,80 metros de ancho), a execución das conexións de abastecemento e saneamento, a recollida de pluviais con tubo de sección 40 cm. e a canalización do alumeado público, deberán aportar aos efectos aval por un importe de 900,00 €, que os interesados deberán presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.
- A obtención da licenza para a vivenda unifamiliar non implica licenza para o peche, para o que deberá facer novas solicitudes.
- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación aos interesados do outorgamento da licenza.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Unha vez rematadas as obras deberá presentar a correspondente comunicación previa de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 146.1. f) e g) da Lei 2/2016, do solo de Galicia).

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 4.005,88 euros.
.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 245,53 euros.
Total: 4.251,41 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por María Dolores Blanco Pouso, que di actuar en representación de MARÍA DE LOS ÁNGELES CANOSA VILLAVARDE e MARIO ALBERTO CASTRO BLANCO, solicitando licenza para obras de construción dunha vivenda unifamiliar e legalización de edificación auxiliar en Bastavaliños 34, Bastavales, segundo proxecto de execución e legalización de edificación auxiliar asinado pola arquitecta María Dolores Blanco Pouso, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 05.05.2023.

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 7220412NH2472S0000SD) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-1), e está situada na aldea de Bastavaliños, incluída no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, coa clave identificativa XBE-1. A parcela atópase dentro da zona de policía de leitos do rego de Crexo.

A Xunta de Goberno Local, á vista da resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 21.11.2022 (expediente 2090/22), da autorización de Augas de Galicia do 28/07/2022 (clave DH.W15.85086) e dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- . A obra axustarse estritamente ao proxecto de execución e legalización de edificación auxiliar asinado pola arquitecta María Dolores Blanco Pouso, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 05.05.2023.
- . Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao Concello dos terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento (122,36 m²), que implica a pavimentación do espazo de cesión en todo o fronte da parcela (beirarrúa de 1,80 metros de ancho), a execución das conexións de abastecemento e saneamento, a recollida de pluviais con tubo de sección 40 cm. e a canalización do alumeado público, deberá aportar aos efectos aval ou fianza en metálico por un importe de 900,00 €, que os interesados deberán presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.
- . A obtención da licenza para as obras da vivenda unifamiliar non implica licenza para o peche, para o que deberá facer novas solicitudes.
- . Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- . Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- . Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- . Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.
- . Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- . Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

-. Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

-. Unha vez rematadas as obras deberá presentar a correspondente comunicación previa de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 146.1. f) e g) da Lei 2/2016, do solo de Galicia).

.- Deberá cumprir as condicións impostas na autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, de data 21.11.2022 (expediente 2090/22): os acabados exteriores deberanse axustar á "Guía de cores e materiais de Galicia".

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe da arquitecta municipal, a aceptación da cesión efectuada de 122,36 m² destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento, previstos no artigo 24.2. da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 7 de xuño de 2023.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 2.119,97 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 147,37 euros.

Total: 2.267,34 euros.

c) Deuse conta dunha instancia presentada por MARÍA TERESA PAIS VÁZQUEZ, solicitando licenza para substitución da cuberta da vivenda de Guitiande 61, Os Ánxeles, segundo proxecto de execución asinado pola arquitecta Ana María Domínguez Laíño, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 24.07.2023 (expte. 2304027).

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 7048915NH2474N0001WJ) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº2 do PXOM (UC-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

-. A obra axustarse estritamente ao proxecto de execución asinado pola arquitecta Ana María Domínguez Laíño, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 24.07.2023 (expte. 2304027).

-. Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

-. Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folia de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

-. Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación aos interesados do outorgamento da licenza.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 189,10 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 96,03 euros.

Total: 285,13 euros.

d) Deuse conta dunha instancia presentada por Sebastián Martín Ríos Ernst, que di actuar en representación de MARÍA DEL CARMEN IGLESIAS BARBAZÁN, solicitando licenza para rehabilitar unha vivenda unifamiliar en Vilas 18, Bastavales, segundo o proxecto de execución asinado polo arquitecto Sebastián Martín Ríos Ernst, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 14.03.2023 e documentación complementaria visada o 07.07.2023 (expte. 2301300).

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 6721608NH2462S0001PP) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista da resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data 19.06.2023 (expediente 795/23) e dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra axustarse estritamente ao proxecto de execución asinado polo arquitecto Sebastián Martín Ríos Ernst, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 14.03.2023 e documentación complementaria visada o 07.07.2023 (expte. 2301300).
- Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao Concello dos terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento (177 m²), que implica a pavimentación do espazo de cesión en todo o fronte da parcela (formigón coloreado en 1,80 metros de ancho), a execución das conexións de abastecemento e saneamento, a recollida de pluviais con tubo de sección 40 cm. e a canalización do alumeado público, deberá aportar aos efectos aval por un importe de 900,00 €, que a interesada deberá presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.
- A obtención da licenza para a rehabilitación da vivenda unifamiliar non implica licenza para o peche, para o que deberá facer novas solicitudes.
- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a

construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

-. Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación aos interesados do outorgamento da licenza.

-. Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

-. Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

-. Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

-. Unha vez rematadas as obras deberá presentar a correspondente comunicación previa de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 146.1. f) e g) da Lei 2/2016, do solo de Galicia).

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe da arquitecta municipal, a aceptación da cesión efectuada de 177 m² destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento, previstos no artigo 24.2) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 26 de xullo de 2023.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 1.235,58 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 96,03 euros.

Total: 1.331,61euros.

OITAVO.- MODIFICACIÓN DE LICENZA DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Rosa María Facal Varela, que di actuar en representación de INÉS MARTÍNEZ MARTELO, na que solicita a modificación da licenza para construír unha vivenda unifamiliar e unha piscina en Brans de Abaixo 41, Brión, concedida pola Xunta de Goberno Local en data 25.10.2022, segundo o proxecto básico e de execución asinado pola arquitecta Rosa M. Facal Varela, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 28.06.2023 (Expte. 2107394)

O motivo da solicitude é a eliminación da piscina e das obras de urbanización da parcela do proxecto (non do espazo de cesión), e reducir o orzamento da obra, sen modificar a implantación da edificación no terreo, e sen modificar a edificabilidade e a ocupación.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a modificación da licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 64,57 euros.

NOVENO.- COMUNICACIÓN PREVIA (CAMBIO DE TITULARIDADE).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por CLEOTIRDE SÁNCHEZ TOLENTINO, na que comunica o cambio de titularidade da licenza de café-bar situado na Avd. Santa Minia 73, Brión, denominado Altamira.

A actividade viña funcionando anteriormente a nome de José Gómez Nieto, e preténdese poñer a nome de Cleotirde Sánchez Tolentino.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento da comunicación efectuada poñendo a licenza de café bar situado na Avd. Santa Minia 73, Brión, a nome de Cleotirde Sánchez Tolentino, DNI: ***4791**.

DÉCIMO.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por José Antonio González Dacal, que di actuar en representación de NOCECA SERVIS S.L.U., na que solicita o cambio de titularidade da licenza de obra maior para reforma dunha vivenda unifamiliar en Lamiño 57, Brión, concedida por acordo da Xunta de Goberno Local do 20.01.2009 a nome de Vivendas Piñeiral S.L.U.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes emitidos polo arquitecto municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar o cambio de titularidade da licenza de obra solicitada, concedida por acordo da Xunta de Goberno Local do 20.01.2009, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, poñendo como titular da licenza de obra a NOCECA SERVIS SLU, con CIF: ***3287**, que queda subrogado en todos os dereitos e obrigas derivados deste expediente.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e efectos.

UNDÉCIMO.- BONIFICACIÓNS DE PREZOS PÚBLICOS.

a) Deuse conta dunha solicitude de bonificación presentada por N.G.T., con rexistro de entrada no Concello núm. 20230000001330, do 11.05.2023, na que solicita a bonificación do 100% da tarifa correspondente á participación do seu fillo S.D.V.G. na actividade de: Campamento infantil de verán 2023.

Vista a proposta de bonificación do 100% da traballadora social do 12/06/2023, por atoparse a unidade de convivencia en situación valorada técnica como de difícil integración, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a N.G.T. unha bonificación do 100% do prezo público por importe de 150 € correspondente á participación de S.D.V.G., na actividade de: Campamento infantil de verán 2023, por atoparse a unidade de convivencia en situación valorada técnica como de difícil integración, consonte co disposto no artigo 5.6 da ordenanza fiscal reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio.

2º) Dar conta deste acordo á tesourería e intervención municipais para o seu coñecemento.

b) Deuse conta dunha solicitude de bonificación presentada por N.G.T., con rexistro de entrada no Concello núm. 20230000001328, do 11.05.2023, na que solicita a bonificación do 100% da tarifa correspondente á participación da súa filla O.D.V.G. na actividade de: Campamento infantil de verán 2023.

Vista a proposta de bonificación do 100% da traballadora social do 12/06/2023, por atoparse a unidade de convivencia en situación valorada técnica como de difícil integración, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a N.G.T. unha bonificación do 100% do prezo público por importe de 150 € correspondente á participación de O.D.V.G., na actividade de: Campamento infantil de verán 2023, por atoparse a unidade de convivencia en situación valorada técnica como de difícil integración, consonte co disposto no artigo 5.6 da ordenanza fiscal reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio.

2º) Dar conta deste acordo á tesourería e intervención municipais para o seu coñecemento.

c) Deuse conta dunha solicitude de bonificación presentada por U.A.R., con rexistro de entrada

no Concello núm. 202300000001732, do 29.06.2023, na que solicita a bonificación do 100% da tarifa correspondente á participación das súas fillas A.F.A. e C.F.A. na actividade de: Campamento infantil de verán 2023.

Vista a proposta de bonificación do 100% da traballadora social do 29/06/2023, por atoparse a unidade de convivencia en situación valorada técnica como de difícil integración, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

- 1º) Conceder a U.A.R. unha bonificación do 100% do prezo público por importe de 225 € correspondente á participación de A.F.A. e C.F.A., na actividade de: Campamento infantil de verán 2023, por atoparse a unidade de convivencia en situación valorada técnica como de difícil integración, consonte co disposto no artigo 5.6 da ordenanza fiscal reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio.
- 2º) Dar conta deste acordo á tesourería e intervención municipais para o seu coñecemento.

DUODÉCIMO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O señor alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo ás 14,30 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González